

TALLER DE PRESENTACIÓN

necesidades innovadoras



Código 100

1. ¿QUIÉN ES QUIÉN?



Nombre de la Asociación ANEDIA




Ámbito de actuación Nenos e nenas con diabetes (Tipo 1) de Galicia e as súas familias



Nº pacientes asociados 54

2. NECESIDADES REALES YA SATISFECHAS



¿Cuál es tu día a día?

ANEDIA está presente en moitos ámbitos (sanitario, educativo, familiar,...), xa que traballamos por un integración total dos nenos e nenas con diabete, intentando axudar as familias a normalizar tanto a súa vida diaria como os acontecementos puntuais que xurden nas familias.

A vida diaria destes nenos é complicada xa que inda que exteriormente non se detecte a súa doenza, o seu tratamento médico é dinámico, e pode variar tendo como parámetros básicos os niveis de glicosa, a alimentación, actividade física e a presenza de outras doenzas ou factores de risco, xa que é unha enfermidade que adoita ir asociadas con outras. Polo tanto é preciso que as familias teñan en conta moitos factores para poder axustar o tratamento.

A través das reunións periódicas, enquisas e talleres vanse detectando as necesidades das familias e tamén a orde de prioridades. Dentro das necesidades detectadas temos: Precisamos de máis e mellor educación diabetolóxica.

Máis acceso a novas tecnoloxías que melloren a calidade de vida dos noso nenos e nenas, (bombas, sensores de medición continua de glucosa,...)

Melloras nos protocolos de atención en urxencias, tanto no debut como nos ingresos puntuais.

A Consellería de Educación ten aprobado un protocolo de atención nos centros educativos pero falta concretar a formación e colaboración ca consellería de Sanidade.

Maiores interaccións cos equipos hospitalarios para poder consultar problemas puntuais ou dúbidas.

Clarificación dos baremos de minusvalía con respecto a Diabetes tipo 1 e o acceso a certos postos de traballo público.



Guía para completar esta plantilla

¿En qué está trabajando la Asociación actualmente?; ¿Qué necesidades existían previamente que ya hayan sido resueltas?; ¿Cómo fueron detectadas?; ¿Cómo se han satisfecho?



¿Cómo podría mejorar?

Un dos maiores problemas que afectan os pacientes é a continua toma de decisión en base a unha serie de parámetros, para accións moi básicas, e que se repiten o largo de todo o día e a noite. Esta toma de decisións se volve máis doada cando dispoñemos de información sobre estes parámetros básicos, niveis de glicosa, nivel de actividade, hidratos de carbono (+grasas) ingeridas.

Dispoñer destes datos facilitaría a tarefa tanto das familias, centros educativos e profesionais sanitarios (telemedicina), porque nos permitiría dispoñer en tempo real os datos, mentres o neno está na escola ou en calquera actividade da súa vida diaria.


Esta solución ademáis de mellorar a vida diaria dos nenos e nenas, entendemos que tamén é beneficiosa para os adultos, xa que facilita a súa integración en calquera actividades e tamén en entornos de traballo xa que ca tecnoloxía adecuada, un simple vistazo a un smartwatch, móbil ou nun navegador podemos ver tanto o nivel actual de glicosa e a curva de datos anteriores, datos dos hidratos ingeridos e información adicional o que facilita a toma de decisións e tamén facilita a adherencia o tratamento e diminúe as probabilidades de problemas graves a medio e longo prazo.



Guía para completar esta plantilla

¿Qué necesidad/es tiene la Asociación que pueda/n ser satisfecha/s por el “Plan de Innovación Sanitaria Código100”?; ¿Por qué es interesante solucionar esta necesidad? (Principales razones); ¿Qué beneficios aporta la solución de la necesidad? (Especificar qué y a quién)

4. ¿QUÉ TIPO DE TECNOLOGÍA CREES QUE SOLUCIONARÍA LA NECESIDAD?



¿Qué tipo de tecnología y uso de la misma consideras que puede solucionar tu necesidad?

Dentro do Plan de Innovación Sanitaria Código 100 solicitamos a implantación de Medidores Continuos de Glicosa (MCG), que permiten mellorar en calidade de vida os nosos nenos e nenas e tamén as súas familias, e tamén os adultos.

O uso de MCG terá que ir unido a ferramentas informáticas que nos permitan unha monitorización remota en tempo real, e a información xerada polo MCG pode ser subida mediante un acceso a internet e almacenada na nube e ser así accesible para pacientes, familia e profesionais do SERGAS.

O que nos vai permitir a tódolos actores a posibilidade de toma de decisións e facilitar así a vida das familias e o traballo dos profesionais sanitarios (telemedicina). Tamén deberían existir a circulación de información entres os centros educativos e/ou familia ou persoal sanitario e da Asociación. Diferenciando diferentes tipos de acceso dependendo do seu rol.



Guía para completar esta plantilla

Resultados finales deseados (qué se desea que proporcione la tecnología); Características de **Usabilidad** (cómo se debe generar, mostrar y circular la información) y **Accesibilidad** (que sea accesible a los profesionales de la Asociación, profesionales del SERGAS, pacientes, familiares, etc.); **Conectividad** (capacidad de conexión a Internet, a una plataforma interna de la Asociación, etc.); etc.